

**INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA NO ACTO DE
IMPOSICIÓN DAS MEDALLAS DE GALICIA 2011**

Santiago, 25 de xullo de 2011.-

Autoridades presentes.

Miñas donas, meus señores:

Unha das definicións máis axeitadas do que é un país, deuna Edmund Burke. Consideraba o gran liberal británico que un país é unha asociación entre os vivos, os mortos e os que aínda están por nacer.

Unha comunidade, en efecto, é resultado dun longo proceso histórico no que as xeracións presentes son só un elo da cadea. Mediante a tradición, recollen o legado dos devanceiros, e mediante a innovación pásanlles o testemuño aos compatriotas do futuro.

Existe un tipo de peregrinación que se produce no espazo, e outra que ten as súas etapas no tempo. Aqueles países onde a democracia arraiga, son precisamente os que teñen este sentido histórico da súa existencia que os fai incorporar, coa mesma enerxía, a permanencia e o cambio.

Os pobos inspirados nesa idea, son árbores que medran con raíces asentadas na terra, e con pólas abertas á luz. Esa firmeza fainos fortes nas etapas peregrinas que son máis cómodas, pero tamén nos tramos accidentados onde os folgos nos abandonan.

Cando facía a súa definición, naturalmente o filósofo pensaba na Inglaterra do século XVIII. Nós pensamos na Galicia do século XXI.

Somos unha democracia nova, recentemente incorporada ao aínda selecto grupo de pobos que gozan dunha liberdade sen ira. Os galegos xa son o que queren ser, e incorporaron o espírito democrático aos seus sinais de identidade.

Se esta transformación se fixo sen traumas, sen que fora necesario pagar o alto prezo humano que outros pobos pagaron, débese en gran medida a que todos soubemos sentirnos parte dunha longa andaina histórica. Unha andaina que, nin empeza con nós, nin rematará cando nós formemos parte do pasado.

Esa certeza comprométenos con todos os que nos precederon, e cos galegos do mañá. Temos a inescusable obriga de conservar o que eles nos deixaron, e deixar unha Galicia que siga a ser un fogar comfortable e fraterno.

Malamente cumpriríamos a nosa misión, se lles legamos aos galegos do futuro un país desarraigado, ou unha sociedade cos seus recursos esgotados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Non podemos ser lembrados como unha xeración egoísta, senón como os galegos que souberon salvagardar o benestar e a convivencia en momentos de desacougo.

Momentos de desacougo que están levando a certos sectores sociais, en especial xuvenís, a cuestionar aspectos do funcionamento democrático.

Aínda que sei que actos coma este son sempre propicios para alusións históricas, entendo que hoxe é obrigado cambiar levemente a perspectiva para referirnos a galegitude do mañá que mostra as súas inquedanzas. Galicia tamén é súa.

Na próxima etapa deste interminable Camiño, estará nas súas mans o temón do país. Por iso resulta inescusable escoitalos e tratar de dar resposta a certas incertezas.

A democracia é unha eterna tea de Penélope. É unha acertada apreciación que corresponde ao académico Rodríguez Adrados, e que eu fago miña para insistir no feito esencial de que a democracia non aporta a solución definitiva a todos os problemas, senón solucións parciais que cómpre renovar continuamente.

Algo que xa adiantaba o noso poeta Xosé María Díaz Castro, cando describía o percorrer de Galicia como un paso adiante e outro atrás e cando detectaba que a esperanza estaba a se espreguizar nos ollos do país.

Os políticos en democracia equivalen á Penélope que describe Homero, sempre tecendo e destecendo. Por iso a democracia sempre semella estar en construción. Pero tamén por iso, a democracia é o sistema que mellor resiste os embates dunha realidade que non admite solucións simplistas.

Na nosa corta e intensa experiencia democrática, os galegos aprendemos xa esta lección. Problemas vellos e novos da nosa convivencia canalizáronse grazas a un autogoberno que nos permite afrontalos e resolvelos como país.

Se houbo quen pensou que a autonomía e as súas institucións eran simples adobíos, meras concesións á historia, ferramentas prescindibles, equivocouse. Sen democracia, sen autogoberno, Galicia estaría hoxe inermemente diante dos desafíos.

¿Pero pode perfeccionarse a democracia? ¿Pode mellorarse o autogoberno? Pode e debe.

Os cambios son inherentes a eles. Sen unha sa rebeldía que os impulse, o autogoberno e a democracia corren o risco de anquilosarse e perderen a súa eficacia.

Anticipándose ao que é a esencia do noso sistema de liberdades, o filósofo Heráclito afirmaba que todo flúe. Nin o río onde nos bañamos é o mesmo, nin a sociedade sobre a que actuamos permanece inmóbil.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tampouco a democracia pode asistir pasiva ás transformacións que se producen no seu redor. De aí que as demandas que chegan desde a sociedade non deban ser tratadas como ameazas, senón como estímulo.

O país como compendio do vello e do novo, como un ser vivo que van facendo xeracións sucesivas que se remudan no tempo. A democracia como valor que mellora constantemente grazas á súa capacidade de adaptación ao pobo que lle dá sentido.

Velaí as dúas ideas que tentei expresar anteriormente. Velaí tamén pensamentos que se plasman nas persoas e institucións que hoxe axudan a prestixiar as Medallas de Galicia.

1971 e 1985 foron dúas datas senlleiras na historia recente do noso país.

Galegos coma nós propóñense rescatar, estudar e preservar unha lingua que permanecera viva nos beizos da nosa xente. Case todo estaba en contra. A desconfianza oficial, o escepticismo oficioso, os recursos escasos. Serían demasiados atrancos para quen non estivera blindado con esa convicción de que somos peregrinos no tempo.

O Instituto da Lingua Galega nace coa teima de ser un fío condutor entre o pasado e o futuro. Esa era a principal aspiración do primeiro Padroado que hoxe representa aquí Xerardo Fernández Albor.

Conséguese, e hoxe os nomes do seu primeiro director, Constantino García, do seu sucesor, Antón Santamarina, de Rosario Álvarez Blanco, actual directora, e de todos os que traballaron nel, figuran en lugar prominente entre os facedores do galego moderno.

Daquela son hoxe pedra angular dos que contribúen, con sensatez e rigor, a ampliar o coñecemento do que fomos e somos, e a proxectarnos con decisión cara ao futuro.

Eles fixeron realidade esa convicción de Ramón Piñeiro de que as letras son capaces de combater as tebras.

Poucos anos máis tarde, e tamén baixo o padroado da Universidade Compostelá, nacia o organismo precursor do actual Instituto de Ciencias Forenses Luis Concheiro.

Tampouco o profesor Concheiro nin ningún dos seus colaboradores, poderían imaxinar que Galicia sería no século XXI a gran potencia mundial da xenética clínica e forense.

Nin o máis optimista dos profetas podía vaticinar entón que o nome do galego Angel Carracedo sería mencionado con admiración, respecto e sa envexa profesional, na comunidade científica internacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Grazas a el, o nome de Galicia é sinónimo de audacia, de vangarda e de excelencia máis alá das nosas fronteiras. Non é menor que unha terra coma a nosa, que viu emigrar a moitos dos seus fillos, siga saíndo fóra nos tempos de hoxe, pero para exportar saber e coñecemento.

O seu traballo no Instituto universitario e na Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, dependente do Servizo Galego de Saúde, ten por iso un valor que transcende as fronteiras das pescudas xenéticas.

É unha mensaxe dirixida aos que pensan que un país pequeno soamente pode xerar proxectos pequenos.

Non é así cando os promotores saben aproveitar a experiencia dos precursores e transmitirlles a súa aos que collen a remuda. Cando esa transmisión xeracional funciona, o tesouro dunha lingua enriquecese, e as súas tarefas científicas acadan teitos insospeitados.

Señoras e señores. O tamaño dun país nada ten que ver coa súa grandeza física. Son os homes e as mulleres os que desafían a cartografía para ampliaren os lindes da súa comunidade co seu comportamento.

Contamos con esas mulleres e eses homes que ven en Galicia unha tarefa inacabable na que hai que poñer o mellor da cada un. Vémolo todos os días en feitos cotiáns e anónimos, e comprobámolo hoxe aquí con estes exemplos magníficos de superación e esforzo mancomunado.

Seremos un país grande se, en momentos difíciles coma este, nos sentimos parte desa Terra grandiosa que agrupa os que foron, os que son, e os que serán.

Cumpriremos con esa tarefa se sabemos perfeccionar, adaptar e mellorar esta democracia e esta autonomía que nos permiten ser unha voz potente entre os pobos libres do mundo.

Como a que hoxe alzamos dende esta Cidade da Cultura, iniciada polo Presidente Fraga e continuada polo Presidente Touriño, cun sentimento que describiu e que sempre ten posto en práctica o Presidente Fraga: cun fervente amor a Galicia.

Moitas grazas.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA